



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO  
PLENO O DIA VINTE E DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL CATORCE.**

**Alcaldesa-Presidenta**

D<sup>a</sup> María Loureiro García , (PS de G-PSOE)

**Concelleiros**

D.Jesús Antonio Fernández Cal (PSdG-PSOE)

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, (Psde G-PSOE)

D<sup>a</sup>.Covadonga Viamonte Aguiar, (PS de G-PSOE)

D. Vicente Hermida Rodriguez (PS de G-PSOE)

D.Antonio José Bouza Rodil,(PP)

D.Jaime Eduardo de Olano Vela,(PP)

D.Celestino Valentín García Paz,(PP)

D<sup>a</sup>.Cándida Mendez Salgado(PP)

D<sup>a</sup> Maria Jesús Vale López (PP)

D.Bernardo José Fraga Galdo (BNG)

D.Manuel Galdo Dopico (BNG)

D<sup>a</sup>.Olaia Casas Chavez (BNG)

D.Guillermo Leal Arias (IVI)

D.Jesús Fernández Fernández(IVI)

**INTERVENTOR POR DELEGACION**

D.Sergio Aguado Delicado

**SECRETARIA ACCIDENTAL**

D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera

**Non Asisten**

D<sup>o</sup>.Isabel Rodríguez López PSdG-PSOE

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>.Carmen Gueimunde Gonzalez, PP

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as catorce horas do día vinte e dous de decembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr<sup>a</sup>.Alcaldesa Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres.Concelleiros relacionados anteriormente, así como da Secretaria accidental, D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria-urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sra.Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sra.Secretaria do quórum de asistencia necesario, procede ó tratamento dos asuntos na Orde do Día.



## **1º.-RATIFICACION DA URXENCIA DA SESIÓN**

Pola Sra. Alcaldesa dáselle a palabra a Concelleira de Facenda Dona Covadonga Viamonte Aguiar, quen ven en comunicar ao Pleno que a urxencia da sesión ven motivada polos curtos prazos para refinar as operacións con cargo ao mecanismo do FFPP. Tendo que ser remitido ao Ministerio de Facenda para solicitar autorización antes do 31 de decembro, unha vez que xa foron solicitadas as ofertas ás entidades bancarias coas que xa tiñamos compromisos.

E de conformidade co establecido no artº 79 do ROF sométese á consideración do Pleno a ratificación da urxencia da convocatoria da presente sesión, sendo acordado por unanimidade, dos membros presentes que constituen a Corporación Municipal.

## **2º.-APROBACION A CONTRATACION DE NOVAS OPERACIONES PARA REFINANCIAR PARCIALMENTE A OPERACIÓN SUBSCRITA CON CARGO AO MECANISMO DE FINANCIAMENTO DO FFPP.**

Primeiro.- Aprobar a contratación dunha nova operación para refinar parcialmente a operación subscrita con cargo ao mecanismo de financiamento do FFPP, coa entidade financeira “BBVA”, polo importe de 1.497.956,34 €, de acordo coas condicións xerais da entidade e coas condicións particulares que se detallan a continuación:

Importe e tipo de xuros: 1.497.956,34 € a Eur90 + 1,25  
Revisións e lie de xuros: Trimestres vencidos  
Comisións: Exentas  
Cancelación parcial o total: Sin coste.  
Período de amortización: De 29/08/2015 ata 29/05/2022  
Tipo de xuro de de mora: 18,00%  
Intervención da operación: Secretario del Concello

Segundo.- Aprobar a contratación dunha nova operación para refinar parcialmente a operación subscrita con cargo ao mecanismo de financiamento do FFPP, coa entidade financeira “Caixa Rural Galega”, polo importe de 500.000 €, de acordo coas condicións xerais da entidade e coas condicións particulares que se detallan a continuación:

Importe límite: 500.000 €  
Vencemento: 29/05/2022  
Tipo de xuro: Euribor 1 ano + 1,10 pp  
Revisión tipo de xuro: Trimestral  
Comisións: Exento  
Cancelación parcial o total: Exento  
Gastos de formalización: Exento  
Liquidación de xuros: Trimestrales  
Amortización: Trimestral  
Xuros de demora: Tipo de póliza máis 4 pp  
Formalización: Contrato privado sin intervención de Fedatario público.

Terceiro.- Aprobar a contratación dunha nova operación para refinar parcialmente a operación subscrita con cargo ao mecanismo de financiamento do FFPP, coa entidade



financeira “Banco Pastor, S.A.U.”, polo importe de 2.000.000 €, de acordo coas condicións xerais da entidade e coas condicións particulares que se detallan a continuación:

Operación : Póliza de Préstamo  
Importe: 2.000.000 €  
Prazo: 89 meses  
Tipo de xuro aplicable: Euribor + 1,50  
Liquidacións: Trimestrales  
Suelo:0%  
Techo : 0%  
Comisións: Exento de todo tipo de comisións.

Oferta válida ata 30 de marzo 2015.

Aclárase pola entidade bancaria co tipo de euribor é anual e que as cancelacións están exentas, segundo o último apartado da súa oferta.

Cuarto.- Elaborar en 2015, logo de aprobar a liquidación de orzamento de 2014, un Plan de redución de endebedamento 2015-2020, ata acadar o límite do 75%, e manter a vixencia do actual Plan de Axuste.

Quinto.- Solicitar a autorización ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para o refinanciamento da operación formalizada con cargo ao FFPP.

Sexto.- Facultar amplia e expresamente a Sra. Alcaldesa para suscribir os documentos que se precisen, así como a execución das actuacións necesarias para levar a cabo este acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14,15 horas do día 22 de decembro de 2014, extendéndose de to o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.